

FALADOIRO DIALÓXICO - 16 DE XANEIRO

RESUMO DE ACHEGAS

- O que máis me fixo reflexionar foi ao comezo do libro, páxina 20-21, cando comeza a falar do co-razón. O relacionado con que nas escolas hai máis cabeza, exercicios e teoría que **esencia**. As prásas constantes, o que dita o currículo. **É máis importante pararse a sentir os momentos e circunstancias particulares dos nenos e nenas.**
- Enlazando, páxina 40-41 que fala da programación. *Cualquier situación podía ser pedagógica.* Iso en si non ven programado.
- Páxinas 28-29. Fala da importancia das situacións imprevistas. **Centrámonos en producir. Limitacións polo currículo. Desconexión do neno/a coa su vida e do que vén a facer.**
- Prologo, páxinas 16-17. Escola de paradigmas gráficos e estadísticas. **Falta de soños, alegría e tenrura.**
- Páxina 16. Descubrir aspectos dun mesmo/a e do alumnado.
Des-cubrir y comunicar lo que ya estaba en lo más profundo de cada niño y niña de la clase, de mí mismo y de la relación que entre todos y todas establecimos.
- **RESPECTO.**
- **Considerar aos nenos/as non como obxectos en construción, senón como persoas.**
- Páxina 24. **O neno, igual que o adulto é un ser inconcluso pero é unha persoa completa.**
- Obter unha visión xeral. Moitos pés nos que podemos estar de acordo e **identificar a filosofía desta escola.**
- A vida na escola cambia por completo cando un recibe e acolle todo o que vive nela e o eleva á **categoría de acontecemento.**
- Tema acontecemento, parágrafo 2 páxina 25. **A diversidade ofrece moitos acontecementos.**
- Páxina 41 - Parágrafo primeiro. **Calquera situación pode ser pedagóxica, é dicir, unha posibilidade de aprendizaxe.**
- **Achegamento ao neno dende o amor e a enerxía. Saber diferenciar entre autoridade e autoritarismo.**
- Páxina 29. **Converter nun acontecemento a ausencia do compañeiro.** Unha situación de aprendizaxe. A distancia non implica un separación.
- Páxina 18, primeiro parágrafo. **Calquera proposta nunha mans axeitadas gaña moito valor .**

- **Creamos situacións de aprendizaxe que non están ligadas con nada.**
- **Asentar o currículo nas situacións improvisadas que xorden.**
- Acontecemento da **pantasma**. Non o trataron como obxecto de mofa. **Traballaron os medos, literatura, anticipación, confianza....**
- **Preocupámonos polo temario e non polas experiencias realmente gratificantes** ou interesantes para o alumnado.
- Páxina 57 parágrafo 2. **Sabiamos que calquera momento era o mellor momento para atoparnos, acoller e deixarnos acoller pola palabra propia e pola dos demais. Fal de nós, sobre nós e entre nós.**
- Páxina 29 parágrafo 1. **Cada situación que xera un auténtico texto vivo, fonte básica das aprendizaxes e do noso coñecemento.**
- **O libro de texto somos nós.**
- Páxina 17. Sen negar a necesidade de reformas estruturais e organizativas, a maior necesidade é **transformar a nosa maneira de traballar e relacionarnos.**
- Vivir no presente. Abraírnos coas situacións educativas que se nos dan. **Traballarnos para ofrecer o mellor ao alumnado e ter en conta as necesidades e peculiaridades.**
- Páxina 67, parágrafos 2, 3 e 4. **O aire fresco só pode entrar e renovar o ambiente cando hai algunha apertura. O xesto de abrir supón firmeza e valentía porque abrir sempre implica expoñerse, entregarse ou arriscarse. Sen apertura non se establece vínculo algún que sea consistente e perdurable.**
- Páxina 92, penúltimo parágrafo. **Puntos, persoas e centros STOP**
- **Importancia de tomar conciencia, pararnos a pensar.** Relacionado cos momentos STOP
- O perigo de cuestionarnos moito ou non cuestionarnos nada.
- Páxina 93, terceiro parágrafo. Puntos stop para **tomar conciencia non só do que está mal, tamén do que está ben.**
- Importancia de ter **descansos activos** para resetear- nome que puxo unha compañeira.
- No capítulo da presenza fala de estar presentes, estar ben, gozar....**Cando a situación nos está aportando conectámonos moito máis co alumnado.**
- **Ser conscientes da dificultades que temos para estar presentes.**
- Ter paixón por **experiencias máis plenas.**

- Páxina 69, parágrafo 4. Facer un mesmo o que se lle pide ao alumnado. Vivir o que se lles di.
Me sentía continuamente sometido a la más dura de todas las probas: hacer yo mismo lo que les pedía a ellos que hicieran, ser un testimonio de lo que proclamaba, vivir lo que les decía.

- Utilidade das asembleas. Preguntámonos cal é o motivo do interrogatorio que lle facemos ao alumnado. Debemos cuestionarnos isto. Sabemos moito do alumnado. E nós, canto nos expoñemos a elas/es? Buscamos recursos para tirar do fío pero non nos amosamos nós.

- **RECURSOS.** Do que significa **cantar, a voz, o traballo corporal, a maxia, o asombro.**

- **Se o espazo non fala as cousas non significan.**

- En infantil téñense moito en conta os espazos pero **cando van subindo de nivel vaise perdendo isto.**

- **Pag 46 decoración – paz mental**

La organización del espacio y la decoración non son mera bañadura sino que conforman todo un entorno o ámbito energético y vibracional que afecta a quienes están en él.

- **Recomendación do libro Esencia, de Siro López.**

- **Os diferentes espazos deben estar coidados.** Importancia de facer cousas fóra das actuacións de aula habituais (saída, clase na horta, roteiros, lectura ao aire libre, etc) Coidar tamén estes espazos.

- Cambiar a rixidez en canto ao reparto de espazos.

- **AULAS – NON GAIOLAS**

Cambiamos o ambiente segundo a idade.

- Páxina 24, ter en conta o **rechazo que provoca na poboación infantil a escola.**

- **Entrar na escola non implica saír da vida?????????**

- Páxina 40. O currículo ten que estar feito para o alumnado. **Non adaptar o alumnado ao currículo.**

- Páxina 72. **DAR/RECIBIR**
Dar para recibir

- Páxina 103. **Beneficios da risa**

Xera alegría

Libera substancias antidepresivas

Diminúe o estrés

Fortalece o sistema inmunolóxico

- Linguaxe corporal, sorriso, **STOP**
- **PRESENCIA RECEPTIVA E HUMILDE**
- **Coidar a esquizofrenia verbal.**

RESUMO EN PALABRAS:

PRESENCIA	AMOR	VOZ	MAXIA
ACONTECEMENTO	BELEZA	ALEGRÍA	RESPECTO
	ILUSIÓN	PAIXÓN	